



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 27.06.2022**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 27.06.2022

HORA DE COMEZO: 10:30 h.

HORA DE REMATE: 12:15 h.

LISTA DE ASISTENTES

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Macho Senra, Antonio

Martín Moreno, José María

Sánchez Gándara, Rosa María

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)



O luns, día 27 de xuño de 2022, ás 10:30 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (03.03.2022).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2021 da Universidade de Vigo. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Acordo para elevación ao Pleno.
4. Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo para elevación ao Pleno.
5. Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo para elevación ao Pleno.
6. Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo para elevación ao Pleno.
7. Informe de seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos comúns das tres universidades". (Recibida en Pleno do 29 de xullo de 2021).
8. Modificación das normas de execución do orzamento 2022 (artigo 11. Transferencias de crédito). Aprobación, se procede.
9. Aprobación, se procede, da cesión temporal de equipos de Omron á Universidade de Vigo.
10. Aprobación inicial, se procede, da creación e participación da UVigo no capital social da empresa SPARC, S.L., promovida por persoal investigador da propia institución.
11. Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2022, orientado a facilitar o achegamento do estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.
12. Informe que proceda sobre a presentación de solicitudes do Centro de Investigación Mariña (CIM), do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Comunicación (AtlanTTic), consonte a normativa reguladora de aprobación de centros e institutos de investigación do SUG. (Consello de Goberno 9 de xuño de 2022).
13. Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o curso 2022/2023, por servizos administrativos e académicos que afectan a titulacións oficiais e ao alumnado visitante.
14. Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros que se desenvolverán no curso 2022/2023 nos tres campus da UVigo.
15. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de abril e maio de 2022.
16. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e comunica a ausencia de Raquel Souto, que causa baixa na Comisión tras concluír a súa etapa como xerente da UVigo.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (03.03.2022).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do Presidente.

Reflexiona Juan Manuel Vieites sobre o interese dos asuntos recollidos na Orde do Día e a importancia de cumprir coa presentación das contas dentro do prazo establecido, como ven sendo habitual nos últimos exercicios, para remisión á Xunta de Galicia antes do 30 de xuño.

PUNTO 3

Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2021 da Universidade de Vigo. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Acordo para elevación ao Pleno.

Intervén o vicerreitor José María Martín Moreno para explicar o procedemento e o calendario de tramitación da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2021, que chegan ao Consello Social remitidas pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos, do Consello de Goberno.

Principia a exposición subliñando a evolución dos orzamentos no período 2015-2021, "que reflicte a consecución dunha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir cada ano a actividade ordinaria da universidade". Sinala que o indicador sobre a execución financeira ao respecto dos orzamentos recoñecidos e a execución dos cobros ou dos pagos "mostra a boa situación da universidade durante o Plan 2016-2020", prorrogado ao 2021. Ofrece tamén unha comparativa da evolución do orzamento (as modificacións creceron en 2021 debido á maior incorporación de remanentes dos proxectos de investigación) e as modificacións durante o último quinquenio.

Presenta e pormenoriza o balance da situación, a conta do resultado económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio, o estado de fluxos de efectivo e a liquidación do orzamento e a memoria.

Resume que o orzamento definitivo de ingresos acadou os 202.068.508 €, un 9,4% máis que a cifra inicial, e que o resultado orzamentario do exercicio é positivo en 5.474.751 €, mellorando en aproximadamente 1.750.000 € o resultado provisional estimado en febreiro.

Aclara a comparativa dos ingresos e gastos por capítulos, entre os anos 2020 e 2021 e as causas das principais variacións que se observan; o remanente de tesourería, que empeora os niveis do exercicio de 2020, pola provisión dos saldos de dubidoso cobro por Bolsas do Ministerio pendentes ao peche do exercicio, e pola redución das obrigas de pagamento; a conta do resultado económico-patrimonial, que mostra unha grande melloría do resultado do exercicio debido ao incremento das subvencións recibidas e á redución na amortización do inmovilizado; o balance de situación, que reflicte a solidez da posición da UVigo detallado nos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios; e por último o estado de fluxos de efectivo, con un saldo de tesourería a 31 de decembro levemente inferior a 2020. Sitúa a débeda das distintas administracións entre 13M e 14M de euros, que elevarían os fondos líquidos por enriba dos 33M de euros, o que "evidencia o músculo da universidade" e a capacidade para anticipar recursos.

Destaca o vicerreitor que o informe de auditoría é limpo e sen condicións nin limitacións. E respecto do Memorando de recomendacións alude ás suxerencias sobre patrimonio, as Spin-Off e a FEUGA, informando de que xa se está a traballar nas melloras.

Finalmente subliña que dende "que chegamos en 2018 presentamos un superávit estrutural positivo", o que cualifica de especialmente importante para poder negociar coas administracións con boas credenciais. Prevé que a boa xestión continuará en 2022 porque os orzamentos "están moi axustados" á realidade.

O presidente agradece a exposición pormenorizada dos datos. Jesús Graña dálle o parabén ao vicerreitor, e pregúntalle se o remanente de tesourería da UVigo é positivo, se existe déficit e se a UVigo ten algún tipo de débeda con entidades financeiras. Martín Moreno resposta afirmativamente á primeira cuestión ("por enriba dos 59M de euros"), e ás outras dúas resposta que non. Ao fío das recomendación dos auditores, Emilio Zunzunegui reflexiona sobre a aposta polas spin-off e a necesidade de darlles un novo pulo. O vicerreitor sinala que en moitos casos non obteñen os resultados esperado e que a recomendación chega nun momento moi oportuno para facerlle caso.

- ***A Comisión ACORDA propor ao Pleno a aprobación.***



PUNTOS 4, 5 e 6

Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo para elevación ao Pleno.

Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo para elevación ao Pleno.

Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo para elevación ao Pleno.

Resume o vicerreitor que os informes de auditoría das tres sociedades preséntanse sen condicións, e si problemas no caso da FUVI. Analiza a situación de CITEXVI e de CUSA, que presentan perdas pese a incrementar a cifra de negocio, se ben non se consideran relevantes no primeiro caso y se estiman como recuperables no segundo. Ábrese unha rolda de intervencións sobre a orixe e as perspectivas de CUSA, pondo en cuestión a constitución da sociedade. Como conclusión, conveñen os presentes na dificultade de optar por outras saídas que non sexan manter a situación do xeito máis controlado posible.

- ***A Comisión ACORDA remitir informe favorable ao Pleno.***

PUNTO 7

Informe de seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos comúns das tres universidades". (Recibida en Pleno do 29 de xullo de 2021).

Informa o secretario que de todas as auditorías operativas se fai un seguimento dende o Consello Social para coñecer o aproveitamento que se lles dá por parte dos seus destinatarios. Neste caso, as conclusións e recomendacións empezan a ser aplicadas un ano despois de que fosen recibidas no Consello Social, ao ritmo de conformación e operatividade do Consorcio.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 8

Modificación das normas de execución do orzamento 2022 (artigo 11. Transferencias de crédito). Aprobación, se procede.

Á vista do escrito remitido pola Xerencia, Martín Moreno manifesta que en síntese, e a consecuencia da reforma laboral que establece que a contratación de persoal investigador debe realizarse a través da modalidade de contratación indefinida, trátase de modificar as Normas de execución do Orzamento da UVigo para o exercicio 2022, artigo 11 3c), para que o Consello Social delegue na propia Xerencia a competencia que ten para aprobar as transferencias de crédito entre gastos de capital e gastos correntes, "para a contratación de persoal en proxectos e actividades de investigación sen limitación de contía", evitando así que se paralice a contratación no caso de ter que ser aprobado cada contrato polo Consello Social. Jesus Graña entende que se está a falar dunha competencia exclusiva do Consello Social, e que se está a pedir que a delegue sen limitación algunha. Así mesmo esténdese sobre diferentes razóns polas que en principio non está de acordo coa delegación tal e como se propón e a falta de maior concreción, argumentos e informes dos servizos "para salvar responsabilidades".

Observa Emilio Zunzunegui a confusión existente neste tema, porque cada universidade está tratando de resolver este asunto de distinta maneira. Juan Manuel Vieites apunta que existen moitas lagoas e insuficiente soporte argumental, e propón que se debata e se decida no Pleno con nova documentación e informes de Contabilidade, Asesoría Xurídica e Control Interno.

- ***A Comisión ACORDA elevar este punto ao Pleno sen informar.***



PUNTO 9

Aprobación, se procede, da cesión temporal de equipos de Omron á Universidade de Vigo.

Extracta o secretario o contido do acordo, a solicitude de aprobación que asina a vicerreitora de Investigación, e as explicacións que aporta o profesor Ramón C. Hermida, investigador principal do estudo e director do Laboratorio de Bioenxeñaría e Cronobioloxía da UVigo.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 10

Aprobación inicial, se procede, da creación e participación da UVigo no capital social da empresa SPARC, S.L., promovida por persoal investigador da propia institución.

A Comisión toma coñecemento do informe de valoración de transferencia de tecnoloxía da Oficina de I+D, da solicitude de creación da Spin Off asinada polo investigador promotor, do borrador de Pacto dos socios, do borrador de acordo de transferencia UVigo-SPARC, S.L., e do Plan de negocio. Os presentes intercambian opinións sobre a participación da UVigo no capital social da empresa que será do 1% respecto a un total de 3.000 € consonte a proposta de reparto inicial.

- ***Infórmase favorablemente.***

PUNTO 11

Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2022, orientado a facilitar o achegamento do alumnado ao mercado laboral e á empregabilidade.

Informa o secretario sobre os antecedentes da colaboración que manteñen o Consello Social e a Fundación, orientada a promover a presenza da UVigo no entorno e desenvolver actividades de colaboración co sector empresarial, entre outros, para achegar ao alumnado o mercado laboral e favorecer a súa empregabilidade, ademais de proporcionar coñecementos, competencias e técnicas para a busca de emprego. Aclara que se propón unha aportación de 20.000 € por parte do Consello Social para a realización das actividades.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 12

Informe que proceda sobre a presentación de solicitudes do Centro de Investigación Mariña (CIM), do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Comunicación (AtlanTTic), consonte a normativa reguladora de aprobación de centros e institutos de investigación do SUG. (Consello de Goberno 9 de xuño de 2022).

Dá conta o secretario da obrigatoriedade do informe favorable do Consello Social dentro da documentación que presentará a UVigo na Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para solicitar a aprobación dos centros e institutos de investigación do SUG. Vista a documentación que se achega,

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTOS 13 e 14

Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o curso 2022/2023, por servizos administrativos e académicos que afectan a titulacións oficiais e ao alumnado visitante.

Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros que se desenvolverán no curso 2022/2023 nos tres campus da UVigo.

O presidente da Comisión compendia os aspectos máis destacados dos dous puntos, e puntualiza que non hai modificación dos importes respecto do pasado curso.

- ***A Comisión aproba as propostas.***



PUNTO 15

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de abril e maio de 2022.

- *A Comisión dáse por informada.*

PUNTO 16

Rogos e preguntas

Emilio Zunzunegui transmite os parabéns ao equipo de goberno polo bo resultado acadado no proceso para a elección de Reitor.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:15 horas do 27 de xuño de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Ignacio Rodríguez Iglesias